



## O anteproxecto de lei de orzamentos da Xunta mantén os recortes para o profesorado e o ensino público

*O borrador que foi presentado aos sindicatos na Mesa Xeral das Administracións Públicas non contén ningunha novidade e mantén a regresión de dereitos da última década*

Non sabemos se estes serán os últimos orzamentos da era Feijóo ou un punto e seguido. Mais o seu trámite comeza exactamente igual que en todos os exercicios anteriores: imposibilidade de negociación, o simple cumprimento preceptivo e litúrxico da presentación ás organizacións sindicais e mantemento dos recortes tanto a nivel laboral como de políticas educativas. O inmovilismo que leva caracterizando a este goberno desde a implantación dos recortes de dereitos máis lesivos para o persoal docente e non docente da Xunta de Galiza é marca da casa.

Na Mesa Xeral na que os directores xerais de Orzamentos e Función Pública presentaron o anteproxecto de lei de orzamentos, a CIG-Ensino centrou a súa intervención na crítica ás formas e ao fondo das contas que presentou a Xunta ao respecto do profesorado do ensino público. Estes foron os temas que destacamos:

- A **suba retributiva non serve para recuperar poder adquisitivo e será menor** á tan cacarexada polos gobernos e os asinantes do pacto retributivo a nivel do Estado. A



non ser que o Goberno estatal publique antes de xaneiro un Real decreto Lei aplicando a suba do 2%, en xaneiro comezaremos co salario conxelado. Cobraríamos esa suba mais adiante, cando houberse orzamentos no Estado cos atrasos desde xaneiro e teríamos que agardar a ver se o PIB chega ao 2,1% a finais de ano para saber se soben un 0,2% adicional ou non. O que xa todos recoñecen agora é que non imos chegar ao incremento do 3% que se nos vendeu polo goberno de Rajoy e os sindicatos estatais, ao estaren previsións moi lonxe do 2,5% de incremento do PIB que se sinalaba como requisito.

- As **pagas extras seguirán sendo incompletas**. Nas extras todo o funcionariado cobra desde o 2012 as extras

recortadas. Foi o recorte daquel ano do 5% das nosas nóminas aplicado polo goberno Zapatero e que nunca recuperamos. Este recorte implica cobrar **903,66€ menos ao ano no caso dun docente do grupo A1 e 553,42€ dunha mestra do grupo A2**, en ambos casos sen antigüidade. As mesmas persoas con 30 anos de experiencia perden **1251,46€ (A1) e 754,02 (A2)**.

- A **recuperación do horario lectivo** do profesorado galego (18 horas en secundaria e 21 en primaria), coa devolución dos dereitos arrebatados coa escusa da crise, implicaría unha repercusión orzamentaria, xa que levaría consigo **un incremento de postos de traballo**, con maior impacto nos corpos de secundaria e moito máis reducido no corpo de mestres,

xa que na maioría dos casos os catálogos non se modificaron malia aumentar as horas lectivas. No borrador das contas da Xunta non figura un incremento de docentes.

- A **atención á diversidade** está cada inicio de curso marcando as carencias que temos para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. O acordo de cadros de persoal de 2007 permite aumentar os postos de traballo definitivos vinculados á educación especial (audición e linguaxe, pedagogía terapéutica). Demandamos unha maior dotación destes postos de traballo.
- **As ratios** son un claro problema do sistema educativo galego. Mentres o datos oficiais ofrecen unhas ratios boas (produto do elevado número de centros e a súa dispersión) a realidade é que temos aulas saturadas no medio urbano e con aulas mixtas no medio rural. É preciso reducir as ratios, especialmente cando hai alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou repetidores. Tamén é unha necesidade recuperar e ampliar os desdobres na ESO e o Bacharelato. Todo iso precisa un incremento orzamentario que non aparece por ningures.
- O **pagamento do verán ao profesorado substituto que traballou cinco meses e medio segue anulado**. É un dereito arrebatado no 2012 e baixo uns criterios contidos na propia Lei de Orzamentos que a día de hoxe non se cumpren. Malia iso, figura de novo no anteproxecto de lei que non se efectuará ese pagamento.
- **Incremento da axudas para o galego no ensino público**. A situación do noso idioma, tal e como recolle o último inquérito do IGE, é de **emerxencia lingüística**. Para alén de medidas que non teñen

repercusión orzamentaria, como é o caso da derogación do decreto de plurilingüismo e a aposta do noso idioma como lingua vehicular, hai partidas para o fomento e uso do noso idioma que merecen un incremento importante. As axudas actuais non chegan a cubrir o 20% das axudas solicitadas polos centros.



**INFÓRMATE dos dereitos que che corresponden como persoal docente.**  
**AFÍLIATE para a estar ao día de toda a información e para sermos máis fortes á hora de negociar melloras nas túas condicións de traballo.**

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal